

## SUMARIO:

*RESOLUCIÓN do 1 de agosto de 2024 do tribunal nomeado por Resolución do 27 de maio de 2024 para cualificar o proceso selectivo de acceso libre para a cobertura pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, da praza de persoal laboral fixo da Axencia Galega da Calidade Alimentaria identificada no Anexo II do Decreto 79/2022 do 25 de maio (Técnico Superior \_ licenciado en económicas- grupo I), convocado mediante Anuncio do 28 de decembro de 2022 (DOG número 247, do 29 de decembro) pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do exercicio do proceso selectivo.*

## TEXTO:

En sesión que tivo lugar o 1 de xullo de 2024, o tribunal nomeado por Resolución do 27 de maio de 2024 para cualificar o proceso selectivo de acceso libre para a cobertura pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, da praza de persoal laboral fixo da Axencia Galega da Calidade Alimentaria identificada no Anexo II do Decreto 79/2022 do 25 de maio (Técnico Superior \_ licenciado en económicas- grupo I), convocado mediante Anuncio do 28 de decembro de 2022 (DOG número 247, do 29 de decembro), acordou solicitar ampliación de prazo para a realización do exame tipo test en 15 días hábiles que foi concedida polo órgano convocante, e determinar que a proba tipo test terá lugar o día 12 de setembro de 2024 en chamamento único que se iniciará ás 16.00 horas, na Sala 1 da Consellería do Medio Rural sita na Planta Baixa do Edificio 4 do Complexo Administrativo San Caetano en Santiago de Compostela.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, lapis do número 2 e goma de borrar.

Non se permitirá o acceso á sala en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poidan valer as persoas aspirantes para auxiliarse na realización do exercicio.

Ascensión Labela Lozano  
Presidenta do tribunal

